COLABORACIÓNS páxinas 3 a 9
COMPLEMENTARIAS páxinas 10 e 11
ESCOLARES páxinas 12 a 18
BIBLIOTECA páxinas 19 a 22
ANPA páxina 23

12 meses, 12 paisaxes

Land Art

Land Art

Teresa Neira. Mestra de EI

O Land Art é unha tendencia da arte contemporánea que emprega o marco e os materiais da natureza (madeira, terra, pedras, area, rocas, lume, auga, etc.). Esta expresión inglesa pode traducirse como “Arte da Terra”. Moitas destas obras desaparecen porque se atopan expostas no exterior e sometidas á erosión natural quedando delas tan só o recordo fotográfico.

O que pretende é producir emocións plásticas no espectador, alterar cun sentido artístico a paisaxe para provocar o máximo de efectos e sensacións á persoa observadora. Quere reflexar a relación entre o home e a terra, o medio ambiente e o mundo.

A principal técnica do artista Land Art é a instalación na paisaxe, onde os seus traballos chegan a interactuar co medio ambiente de forma directa. Nós desvirtuamos un pouco esta técnica porque a idade dos artistas (de 3 a 6 anos) así o requiría.

Nunha primeira visita ao espazo escollido para a instalación recollemos materiais (follas, landras, paus, pedras,…) que levamos á aula e que nos serviron para desenvolver un proceso de observación e exploración das súas cualidades así como de experimentación ao transformalos.

Os artistas contemporáneos que empregamos de referentes foron Andy Goldsworthy e Richard Shilling.

Andy Goldsworthy emprega follas, polas, pedras, xeo, auga, area… dun xeito totalmente artesanal e fai que estes materiais expresen unha mensaxe de sensualidade que en moitas ocasións é efímera como a vida, breve e fermosa, enmarcada na natureza que sabiamente todo o transforma e enriquece.

“Desfruto da liberdade de empregar unicamente as miñas mans. As ferramentas atópoas na propia natureza. Se neva traballo cos copos, e si é outono aproveito a caída das follas”.

A obra de Richard Shilling consiste en esculturas efímeras feitas de materiais naturais que atopa nos seus paseos e realízaas no mesmo lugar (presenta así os conceptos de aquí e agora). Estas obras poden estar realizadas nuns minutos, horas ou a veces días e entrégaas ao sol, a marea e o vento como elementos activos e colaboradores. Captura o momento vital da obra antes de que os materiais sexan reclamados pola natureza nos procesos de degradación, desaparición, cambio e transformación.